



A CONSELLERÍA DE VIVENDA E SOLO PUBLICA O PLAN SECTORIAL GALEGO DE SOLO RESIDENCIAL QUE PERMANECERÁ EN EXPOSICIÓN AO PÚBLICO DURANTE DOUS MESES NA SEDE DESTA DEPARTAMENTO

- ***O documento completo poderá consultarse ata o 26 de decembro na sede da Consellería de Vivenda e Solo en Santiago de Compostela tal e como publica hoxe o DOG***

Santiago de Compostela, 24 outubro 2008.- A Consellería de Vivenda e Solo, que dirixe a nacionalista Teresa Táboas, publica o Plan Sectorial Galego de Solo Residencial para vivenda protexida, tal e como recolle hoxe o Diario Oficial de Galicia (DOG). O documento completo permanecerá en exposición pública durante dous meses ata o 26 de decembro e poderá consultarse na sede da Consellería de Vivenda e Solo en Santiago de Compostela (Polígono de Fontiñas-Área Central s/n), en concreto na Dirección Técnica de Solo (3º andar), onde haberá un técnico deste departamento para resolver posibles dúbidas dos interesados. O documento poderá consultarse polas mañás de 9 a 14:00 horas.

Ademais, os 57 concellos nos que se vai a desenvolver algunhas das actuacións previstas dispoñen dunha copia en formato dixital do documento.

O *Plan Sectorial Galego de Solo Residencial* planifica a construción de 45.600 vivendas protexidas a través de 95 actuacións distribuídas en 57 concellos. O desenvolvemento deste *Plan* suporá a transformación urbanística de 8,7 millóns de metros cadrados de solo, contribuíndo a facer cidade de calidade, xa que a construción de vivenda protexida se complementará coa reserva de solo para zonas verdes, espazos dotacionais, equipamentos e aparcamentos públicos.

En concreto, dos 8,7 millóns de m² delimitados, 3 millóns destinaranse a zonas verdes e espazos libres, 1 millón de m² para espazos dotacionais e equipamentos, e 2 millóns de m² destinaranse a viario e aparcamento público. A superficie restante é destinada á construción de vivenda cunha edificabilidade de 5,6 millóns de m².

O desenvolvemento dos solos seleccionados permitirá, en moitos casos, dar unha resposta a problemas de comunicación do ámbito, corrixir déficits dotacionais, completar tramas urbanas e mellorar as infraestruturas existentes.

Resposta á demanda actual e urxente de vivenda

O obxectivo do *Plan Sectorial* é obter con axilidade solo residencial para a construción de vivenda protexida co que atender á demanda actual inmediata, con independencia da situación na que se atope o planeamento urbanístico dos concellos, tendo en conta que só 26 concellos teñen plan xeral de ordenación municipal adaptado á *Lei do Solo* de 2002.

A necesidade actual de vivenda determinada polo *Plan* é de 47.000 vivendas protexidas, e unha necesidade total para o período 2009-2017 de 258.109 vivendas. Esta estimación



se realiza a partir de tres variables: a estrutura dos fogares galegos, as proxeccións de poboación e do saldo de fogares para os próximos dez anos, e o número de demandantes inscritos no *Rexistro de Vivenda Protexida*, que a día de hoxe ascende a 23.000 demandantes activos.

A aprobación do *Plan Sectorial* permitirá á Consellería xestionar solo residencial para atender o 20% das necesidades estimadas para o 2009-2017. En total, 45.600 vivendas protexidas, a maioría no primeiro quinquenio tras a aprobación definitiva do *Plan*, para que poidan estar dispoñibles no horizonte de 2013.

Localización da demanda

Esta planificación ten como fin construír o tipo de vivenda que os galegos necesitan e poden pagar, a vivenda a prezo limitado, e construíla alí onde se precisa, é dicir, nas grandes cidades e as súas áreas de influencia, e nos concellos medios ou que son referentes comarcais.

Tendo en conta a demanda, as 45.600 vivendas protexidas distribuiranse en 95 solos ubicados en 57 concellos correspondentes a 17 Áreas Funcionais, entendidas estas áreas como o ámbito territorial no que se producen os fluxos de mobilidade residencia-traballo entre municipios. Vigo e A Coruña, cunhas necesidades de entre 100 e 120 vivendas por cada 1.000 habitantes, representan máis da metade das necesidades totais de vivenda de Galiza para o 2009-2017.

Colaboración cos concellos

O *Plan Sectorial* foi elaborado en total colaboración cos Concellos e desde o respecto ao modelo de desenvolvemento urbanístico deseñado polos municipios a través dos plans xerais de ordenación municipal ou das normas urbanísticas das que dispoñan. En moitos casos as pezas de solo recollidas no *Plan Sectorial* son propostas directas dos propios gobernos locais, aceptadas pola equipa redactora cando as localizacións seleccionadas se axustaban aos criterios marcados pola Consellería, como son a integración social, a sustentabilidade, a calidade urbana, e a posibilidade de mestura de usos.

Oportunidade ante a crise

Este documento de ordenación do territorio é tamén unha ferramenta dinamizadora da actividade económica, nun contexto adverso de gran dificultade que está a afectar a importantes sectores produtivos. O *Plan* mobilizará recursos públicos e privados por importe de 4.560 millóns de euros nun horizonte temporal que se prolongará ata 2017, e xerará unha importante carga de traballo cifrada en 300.000 empregos directos e indirectos nas empresas relacionadas co sector da promoción e da construción.

O *Plan Sectorial Galego de Solo Residencial* forma parte do importante paquete normativo desenvolvido para sustentar lexislativamente a política social de vivenda do Goberno galego, e non está formulado como solución exclusiva á carestía de solo residencial, senón como un complemento a outras actuacións para dar satisfacción a unha aspiración constante da cidadanía: o acceso a unha vivenda.



Saúdos, Gabinete de Comunicación.